



## NORMAS DE XESTIÓN DE PERMISOS PARA AS CACHARELAS / SARDIÑADAS DE SAN PEDRO 2016

O departamento de Seguridade Cidadá e Protección Civil do Concello de Cambados establece as normas de seguridade para solicitar e celebrar as “Cacharelas/Sardiñadas da Noite de San Pedro 2016”.

Estas mesmas normas fanse extensivas á celebración de Cacharelas/Sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do 28 al 29.

Distinguirase entre a celebración de Cacharelas/Sardiñada en propiedade privada e na vía pública, neste último suposto onde só poderán celebrarse as solicitadas por *colectivos ou asociacións*.

Cacharelas en espazos públicos e privados

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela e/ou sardiñada na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do Concello dende o **8 de xuño ata as 14:00 horas do 27 de xuño**, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- A solicitude debe ir acompañada dun plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela/sardiñada; así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono do **Servizo de Emerxencias de Protección Civil de Cambados (986.52.49.50) e o da Policía Local de Cambados (986.52.40.92)**.
- Zona urbana: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Rural: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de diámetro ou 9 de perímetro.
- A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situalas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, **pola súa conta**, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- A hora límite para rematar a celebración é as **03:30 horas da madrugada**, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.
- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.
- Cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- No caso das cacharelas/sardiñadas na propiedade privada os interesados deberán comunicalo ao Concello no prazo establecido.
- O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas deberá axustarse ao permiso concedido e as ordenanzas municipais.
- Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.
- As organizacións atenderán as indicacións de **Policía Local** e de **Servizo de Emerxencias de Protección Civil de Cambados**.
- O cumprimento destas normas será verificado polo persoal do **Servizo de Emerxencias de Protección Civil de Cambados** que, se é o caso, dará conta á **Policía Local** das infraccións. Lembramos que o nº de tfno do **Servizo de Emerxencias** é o **986.52.49.50** e asemade, o número de **Emerxencias da Xunta de Galicia** é o **112**.